



BOP

18 DE JULIO DE 2009

Nº 164

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras

Departamento Territorial de Lugo

Anuncio

Autorizado pola Superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:
ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-112 COSPEITO-TUMBO E DA LU-121 DE TUMBO-MONCELOS.
TREITO: COSPEITO-TUMBO/TUMBO-MONCELOS.

TERMO MUNICIPAL DE COSPEITO.

CLAVE: LU/01/10.1.

Este Departamento Territorial resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da Administración, Alcalde e Secretario do citado Concello.

Día: 6 de agosto de 2009.

Hora: De 12:00 a 12:15 h.

Lugar: Concello de COSPEITO.

Lugo, 6 de julio de 2009.- O Xefe Territorial, (en funcións), José María López Vega.

OBRA: ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-112 COSPEITO-TUMBO E DA LU-121 DE TUMBO-MONCELOS.

TREITO: COSPEITO-TUMBO, TUMBO- MONCELOS.

CLAVE: LU/01.10.1.

CONCELLO COSPEITO.

FINCAS	PROPIETARIO	DIRECCION
217	MASEDA MARTÍNEZ, MERCEDES	O TUMBO Nº 8- COSPEITO

R. 03993

Anuncio

Autorizado pola Superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:
ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-750 MEIRA-BALEIRA. TREITO: MEIRA-A MUIÑA.
TERMO MUNICIPAL DE MEIRA.

CLAVE: LU/02/041.01.

Este Departamento Territorial resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da Administración, Alcalde e Secretario do citado Concello.

Día: 6 de agosto de 2009.

Hora: De 13:00 a 13:15 h.

Lugar: Concello de MEIRA.

Lugo, 6 de julio de 2009.- O Xefe Territorial, (en funcións), José María López Vega.

OBRA: ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-750, MEIRA-BALEIRA. TREITO: MEIRA A MUIÑA.

CLAVE: LU/02.041.01.

CONCELLO MEIRA.

FINCAS	PROPIETARIO	DIRECCION
24CO	FERNÁNDEZ CAMPO, CARMEN	O PIÑEIRO Nº 8-SEGOSMIL. 27240-MEIRA
22CO	TORRES LÓPEZ LEONARDO, FEIJOO PÉREZ JOSEFA	C/. NUESTRA SEÑORA DEL PORT Nº 326-1º-3ª. 08038- BARCELONA

R. 03994

—
Anuncio

Autorizado pola Superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA C-535 BECERREA-VENTAS DE NARÓN. TREITO: POLÍGONO INDUSTRIAL DE SARRIA-SÁA.

TERMO MUNICIPAL DE LÁNCARA.

CLAVE: LU/99/36.1.

Este Departamento Territorial resolveu:

Signalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da Administración, Alcalde e Secretario do citado Concello.

Día: 7 de agosto de 2009.

Hora: De 10:00 a 10:15 h.

Lugar: Concello de LÁNCARA.

Lugo, 6 de julio de 2009.- O Xefe Territorial, (en funcións), José María López Vega.

Término municipal de LANCARA

INFORME DE DIRECCIONES de las fincas expropiadas con motivo de las obras de acondicionamento da estrada C-535 Becerreá - Ventas de Narón. Treito: Polígono industrial de Sarria - Súa.

CLAVE : LU/99/36.1.

Propietario	Fincas
Goyanes López José Manuel	
Gran Vía, 27-29 2ºC. 27691-Sarria (Lugo)	
Goyanes López Antonio	
Goyanes López Carmen	
Goyanes López Eloy	
Goyanes López Javier	
Goyanes López Olga	

7 - 1C01

R. 03995

—
Anuncio

Autorizado pola Superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

CIRCUNVALACIÓN INTERIOR DE MONFORTE DE LEMOS.

TERMO MUNICIPAL DE MONFORTE DE LEMOS.

CLAVE: LU/00/059.01.

Este Departamento Territorial resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da Administración, Alcalde e Secretario do citado Concello.

Día: 7 de agosto de 2009.

Hora: De 11:15 a 11:30 h.

Lugar: Concello de MONFORTE DE LEMOS.

Lugo, 6 de julio de 2009.- O Xefe Territorial, (en funcións), José María López Vega.

OBRA: CIRCUNVALACIÓN INTERIOR DE MONFORTE DE LEMOS.

CLAVE: LU/00.059.01.

CONCELLO MONFORTE DE LEMOS.

FINCAS	PROPIETARIO	DIRECCION
62	ARIAS MEIRA EMILIO	C/. OURENSE 268-MONFORTE
40	FRUTAS BONANZA	CR. ORENSE 321 MONFORTE DE LEMOS
64	LOSADA ARIAS FRANCISCO E LUZ	C/. ORENSE 270 MONFORTE
59; 59C01; 84	RODRÍGUEZ LÓPEZ ARTEMIO, RODRÍGUEZ GONZÁLEZ RICARDO, RAMÓN-ROBERTO	C/. ORENSE 162 MONFORTE; C/. CALERUEGA 50-21° C MADRID

R. 03996

Anuncio

Autorizado pola Superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

ACONDICIONAMENTO DO CORREDOR CENTRAL. TREITO: ESCAIRON-MONFORTE. FASE IV.

TERMO MUNICIPAL DE MONFORTE DE LEMOS.

CLAVE: N/LU/85.2.1.5.

Este Departamento Territorial resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da Administración, Alcalde e Secretario do citado Concello.

Día: 7 de agosto de 2009.

Hora: De 11:15 a 11:30 h.

Lugar: Concello de MONFORTE DE LEMOS.

Lugo, 6 de julio de 2009.- O Xefe Territorial, (en funcións), José María López Vega.

OBRA: ACONDICIONAMENTO DO CORREDOR CENTRAL TREITO: ESCAIRÓN-MONFORTE. FASE IV.

CLAVE: N/ LU/ 85.2.1.5.

CONCELLO MONFORTE DE LEMOS.

FINCAS	PROPIETARIO	DIRECCION
4; 5; 5A	M.M.C. COMUNIDADE DE SANTA BARBARA OU A VIDE	C/. ROF CODINA, 1-1º MONFORTE DE LEMOS

R. 03997

Anuncio

Autorizado pola Superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA C-535 DE BECERREÁ-VENDAS DE NARÓN. TREITO: POLÍGONO

INDUSTRIAL DE SARRIA-SÁA.

TERMO MUNICIPAL DE SARRIA.

CLAVE: LU/99/36.1.

Este Departamento Territorial resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da Administración, Alcalde e Secretario do citado Concello.

Día: 7 de agosto de 2009.

Hora: De 13:00 a 13:15 h.

Lugar: Concello de SARRIA.

Lugo, 6 de julio de 2009.- O Xefe Territorial, (en funcións), José María López Vega.

OBRA: ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA C-535 BECERREÁ-VENDAS DE NARÓN. TREITO: POLÍGONO INDUSTRIAL DE SARRIA-SAA.

CLAVE: LU/99/36.1.

CONCELLO SARRIA.

FINCAS	PROPIETARIO	DIRECCION
46-1CO	LÓPEZ PÉREZ AMADOR	CORBELLE, AGRA Nº 8- SARRIA
038CO; 039CO; 046-1CO	LÓPEZ PÉREZ AMADOR	CORBELLE, AGRA Nº 8- SARRIA

R. 03998

Anuncio

Autorizado pola Superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:
ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-133. TREITO: VILAMARTÍN GRANDE-COVELAS.

TERMO MUNICIPAL DE RIBADEO.

CLAVE: LU/98/149.01.

Este Departamento Territorial resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da Administración, Alcalde e Secretario do citado Concello.

Día: 10 de agosto de 2009.

Hora: De 11:00 a 11:15 h.

Lugar: Concello de RIBADEO.

Lugo, 6 de julio de 2009.- O Xefe Territorial, (en funcións), José María López Vega.

OBRA: ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-133 TREITO: VILAMARTIN GRANDE-COVELAS.

CLAVE: N/LU/98.149.01.

CONCELLO RIBADEO.

FINCAS	PROPIETARIO	DIRECCION
156	BALSA CASTRO MARÍA ANA	A PONTE 8- ARANTE- RIBADEO
144	DESCOÑECIDO	
145	DESCOÑECIDO	
225A	DESCOÑECIDO	

R. 03999

Anuncio

Autorizado pola Superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:
ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-133. TREITO: VILAMARTÍN GRANDE-COVELAS.

TERMO MUNICIPAL DE BARREIROS.

CLAVE: LU/98/149.01.

Este Departamento Territorial resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da Administración, Alcalde e Secretario do citado Concello.

Día: 10 de agosto de 2009.

Hora: De 12:00 a 12:15 h.

Lugar: Concello de BARREIROS.

Lugo, 6 de julio de 2009.- O Xefe Territorial, (en funcións), José María López Vega.

OBRA: ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-133 TREITO: VILAMARTIN GRANDE-COVELAS.

CLAVE: N/LU/98.149.1.

CONCELLO BARREIROS.

FINCAS	PROPIETARIO	DIRECCION
15	DESCOÑECIDO	
18	DESCOÑECIDO	

R. 04000

Anuncio

Autorizado pola Superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:
ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-1612. TREITO: FERREIRA DO VALADOURO-CANGAS DE FOZ.
TERMO MUNICIPAL DE FOZ.

CLAVE: N/LU/91.2.

Este Departamento Territorial resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da Administración, Alcalde e Secretario do citado Concello.

Día: 10 de agosto de 2009.

Hora: De 12:45 a 13:00 h.

Lugar: Concello de FOZ.

Lugo, 6 de julio de 2009.- O Xefe Territorial, (en funcións), José María López Vega.

OBRA: ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LU-1612 TREITO: FERREIRA DO VALADOURO- CANGAS DE FOZ.

CLAVE: N/LU/91.2.

CONCELLO FOZ.

FINCAS	PROPIETARIO	DIRECCION
338	SANTOMÉ CASTRO ANTONIO	CARBALLAL Nº 4- 27780 FOZ

R. 04001

AGENCIA TRIBUTARIA

Delegación de Lugo

ANUNCIO DE COBRANZA RELATIVO A**LOS RECIBOS DEL I.A.E. 2009**

Se comunica, en relación con los recibos del Impuesto sobre Actividades Económicas correspondientes a 2009, y cuando se trate de cuotas nacionales

y provinciales, cuya gestión recaudatoria corresponde a la Administración Tributaria del Estado, lo siguiente:

PLAZO PARA EFECTUAR EL INGRESO:

Del 15 de septiembre hasta el 20 de noviembre de 2009 (Resolución de 2 de junio de 2009 del Departamento de Recaudación de la Agencia Estatal de Administración Tributaria).

LUGAR DE PAGO:

- Cuotas nacionales.

A través de las Entidades colaboradoras (bancos, cajas de ahorro y cooperativas de crédito) en las que no es preciso que el obligado al pago disponga de cuenta abierta.

- Cuotas provinciales.

A través de las Entidades colaboradoras (bancos, cajas de ahorro y cooperativas de crédito) en las que no es preciso que el obligado al pago disponga de cuenta abierta.

Los ingresos se podrán efectuar en el horario de atención al público de dichas Entidades.

Asimismo, el pago de cuotas nacionales y provinciales podrá ser realizado mediante adeudo en cuenta, a través de Internet, en la dirección www.agenciatributaria.es, en la opción: Oficina virtual-pago de impuestos.

El vencimiento del plazo de ingreso en período voluntario, sin haber sido satisfecha la deuda, determinará el inicio del período ejecutivo y el devengo de los intereses de demora y de los recargos a que se refieren los artículos 26 y 28 de la Ley General Tributaria.

Lugo, 29 de junio de 2009.- EL DELEGADO DE LA AEAT, José M^a Núñez Pérez.

R. 03924

AYUNTAMIENTOS

BEGONTE

Información pública

Aprobados inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, con data 3 de xullo de 2009, o Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar e a ordenanza fiscal reguladora do prezo público polo Servizo de Axuda no Fogar, conforme ao establecido no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, exponse ao público na Secretaría Municipal polo prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No suposto de non presentarse reclamacións aos mesmos entenderase dito acordo elevado a definitivo.

Begonte, a 6 de xullo de 2009.- O Alcalde-Presidente, José Antonio Vázquez García.

R. 03873

GUITIRIZ

Anuncio

O Pleno do Concello de Guitiriz acordou en sesión plenaria realizada o 28.05.2009 a aprobación inicial da modificación das bases de execución do orzamento municipal do ano 2009.

Unha vez transcorrido o prazo de presentación de reclamacións ou alegacións sen se producir ningunha, o acordo inicial considerárase definitivamente aprobado. En cumprimento do establecido no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resumo por capítulos do orzamento 2009, unha vez realizadas as modificacións de crédito oportunas.

ORZAMENTO DO ANO 2009

ESTADO DE GASTOS

Capítulo 1.- Gastos de persoal	1.885.170,00
Capítulo 2.- Gastos en bens correntes e servizos	1.256.637,00
Capítulo 3.- Gastos financeiros	21.423,53
Capítulo 4.- Transferencias correntes	230.663,00
Capítulo 6.- Inversións reais	1.027.267,83
Capítulo 7.- Transferencias de capital	0,00
Capítulo 8.- Activos financeiros	24.000,00
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	6.176,47
TOTAIS:	4.451.337,83

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo 1.- Impostos directos	776.000,00
Capítulo 2.- Impostos indirectos	200.000,00
Capítulo 3.- Taxas e outros ingresos	481.300,00
Capítulo 4.- Transferencias correntes	2.119.550,00
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	45.000,00
Capítulo 6.- Alleamento de inversións reais	0,00
Capítulo 7.- Transferencias de capital	817.487,83
Capítulo 8.- Activos financeiros	12.000,00
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00
TOTAIS:	4.451.337,83

Guitiriz, a 2 de xullo de 2009.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 03916

LOURENZA

Anuncio

O Pleno do Concello de Lourenzá na sesión de 11/05/09, acordou aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Lourenzá

Dita modificación foi exposta ó público polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncio no BOP. núm. 115 de data 22/05/09 sen que durante ese prazo se presentasen reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto da ordenanza que se transcribe a continuación:

REGULAMENTO DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR

EXPOSICION DE MOTIVOS

O Servicio de Axuda no Fogar co que conta o Concello de Lourenzá dende fai varios anos, integra un conxunto de atencións orientadas a promover axudas e servizos que contribúan a facer efectiva a convivencia positiva entre os seus habitantes, con especial atención a aqueles que polas súas circunstancias persoais e/ou familiares ven dificultada esta convivencia no seu propio fogar.

Como parte esencial dun proceso de mellora e configuración da Axuda no Fogar como servizo público de calidade, imponse a necesidade de establecer un marco normativo no que queden plasmados os seus contidos, con especial incidencia no que se refire á concreción das súas prestacións, dereitos e deberes dos usuarios, regulación das condicións económicas e condicións e procedemento para acceder ó servizo coa finalidade de garanti-la igualdade no trato a tódolos cidadáns por parte da Administración, e como tal esixencia imprescindible na configuración de todo servizo público.

E coa aprobación da nova Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia que incide directamente en algún aspecto importantes da prestación deste servizo que conleva a adaptación ás metas de prestación do mesmo a persoas dependentes cara a unha integración integral.

As seguintes normas recoñecen o Servicio de Axuda no Fogar como unha prestación básica e encomendan ás Corporacións Locais a súa regulación, recoñecemento e xestión:

- Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (Lei 7/1985, do 2 de abril). Establece a competencia municipal na prestación de servizos sociais art. 25.2K, determinando o seu carácter obrigatorio no que a municipios de mais de 20.000 habitantes se refire - art. 26.1C.

- Nova Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 do 3 de decembro no seu art. 20 pto. 1.

- Decreto que regula os servizos sociais de Atención Primaria de Galicia (Decreto 240/1995 do 28 de xullo), na sección segunda define os programa de Axuda no Fogar, actuacións e beneficiarios do mesmo.

- Nova orde pola que se regula o Servicio de Axuda no Fogar en Galicia Orde do 22 de xaneiro de 2009.

- Lei 39/2006 (14 decembro) de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.

- Orde do 17 de decembro de 2007 pola que establece os criterios de elaboración dos PIA, réxime de compatibilidades e xestión das prestacións económicas no seu art. 26 determinación da capacidade económica das persoas dependentes.

CAPITULO I

DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1º.- OBXECTO.

O presente Regulamento ten como obxecto a regulación do Servicio de Axuda no Fogar e os requisitos e procedementos necesarios para acceder ó mesmo no Concello de Lourenzá. Así mesmo engadir no presente regulamento que para acceder o mesmo, as persoas dependentes deberán ter resolución de programa individual de atención en relación co correspondente grado e nivel de dependencia.

Artigo 2º.- PRINCIPIOS XERAIS.

O Servicio de Axuda no Fogar considérase unha prestación básica social e comunitaria, de carácter complementario e transitorio, orientado a restablecer e manter o benestar físico, social e psicolóxico da persoa ou familia, que presenta problemas para a realización das actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención directa no propio fogar, mediante intervencións específicas naquelas tarefas habituais que o usuario non poida realizar por si mesmo e que favorezan a súa permanencia e integración no seu entorno habitual e compensen as súas restrinccións de autonomía funcional.

Artigo 3º.- BENEFICIARIOS.

O Servicio de Axuda no Fogar estará dirixido a toda a poboación, pero terá como obxecto prioritario de atención as persoas con PIA resolto pola dependencia e a continuación aqueles cidadáns que polas súas eivas físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares teñan seriamente limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, sempre e cando este sexa o recurso axeitado segundo a valoración do traballador social do Departamento de Servizos Sociais do Concello.

Poderán ser potenciais usuarios os seguintes:

- Persoas en situación de dependencia (con PIA resolto) que poidan permanecer na súa vivenda ser requirir atención hospitalaria.

- Persoas maiores, con certo nivel de dependencia, que non teñan ninguén que os atenda suficientemente e que, con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.

- Persoas con minusvalidez ou incapacitadas ás que a axuda no fogar lles poida favorecer-la súa autonomía.

- Persoas afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos que lles fagan precisar de axuda.

- Familias ou persoas que presenten disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha adecuada atención a domicilio.

- Menores ós que haxa que coidar ou atender por ausencia dos pais ou titores, ou cando estes, por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos suficientemente xustificadas non poidan exercer-las súas funcións.

- Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión.

En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada tecnicamente, que xustifique a intervención do servizo.

Non poderan ser usuarios do servizo:

Os que presente un estado de deterioro físico ou psicolóxico tal que provoque unha valoración técnica de internamento asistido en centro residencial.

Artigo 4º.- OBXECTIVOS DO SERVIZO.

O Servizo de Axuda no Fogar ten como obxectivo procura-la permanencia das persoas no seu entorno habitual, mellorando a calidade de vida dos seus usuarios na súa autonomía persoal, seguridade e relacións persoais e sociais, suplindo neste senso a falta de familiares que poidan atender-las súas necesidades, ou complementando o labor da familia cando esta non poida atender-las mesmas de forma adecuada.

O Servizo de Axuda no Fogar debe evitar ou retrasar o ingreso en Centros Residenciais daquelas persoas que non o desexen ou non o necesiten, proporcionándolles unha alternativa máis acorde e normalizada á súa situación. Do mesmo xeito ten que previr situacións de deterioro persoal ou familiar, orixinados pola convivencia durante un tempo prolongado con persoas dependentes e que supoñan unha sobrecarga persoal.

Para isto o servizo procurará:

- Apoiar ós usuarios na realización daquelas tarefas da vida diaria que poidan realizar por si sós, estimulando o desenrolo das súas propias capacidades.

- Previ-lo risco de marxinação, illamento ou abandono das persoas con autonomía limitada, fundamentalmente daquelas que viven soas e sen apoio.

- Procurar resolve-las carencias e deficiencias nas súas vivendas, así como supresión de barreiras arquitectónicas, potenciación de axudas técnicas e materiais, etc.

- Fomenta-lo voluntariado e a solidariedade, con especial fincapé en axuda mutua.

Artigo 5º.- PERSOAL.

O persoal que pode intervir no servizo de axuda no fogar estará composto por profesionais e voluntarios e as súas funcións e tarefas serán as seguintes:

- Traballador social, como profesional que recibirá a demanda, fará o estudo e valoración da situación presentada, deseñará o proxecto de intervención adecuado e será o responsable do seu seguimento e avaliación.

As súas funcións e tarefas concretas serán:

1.- Estudio e valoración das necesidades e recursos da comunidade.

2.- Programación e avaliación xeral do servizo no marco da programación xeral dos servizos sociais municipais.

3.- Difusión e información sobre o servizo.

4.- Estudio das demandas de información e atención dos solicitantes, valoración da situación, concepción de informe-proposta.

5.- Estímulo das responsabilidades dos familiares como cuidadores primarios e fomento da autoestima dos usuarios.

6.- Asignación e supervisión de tarefas do programa de cada servizo.

7.- Formulación de propostas de concesión, ampliación, redución ou suspensión se fose o caso.

8.- Apoio e promoción da formación-reciclaxe do persoal relacionado co servizo.

9.- Avaliación e seguimento dos casos atendidos.

10.- Coordinación do servizo con asociacións, institucións profesionais e voluntariado.

- Auxiliar de axuda no fogar, como profesional que realizará tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto directo co usuario do servizo, a súa familia e o seu entorno.

As súas funcións e tarefas concretas serán:

a) Funcións:

1.- Asistenciais, de atención persoal e domésticas.

2.- De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.

3.- Educativas, potenciando o protagonismo do usuario, non substituíndoo naquelas tarefas que poida realizar por si mesmo e facilitándolle as canles de comunicación co seu entorno.

4.- De colaboración co traballador social na coordinación e avaliación do servizo.

b) Tareas:

As necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente enumeradas, establecidas e supervisadas en cada caso polo profesional ou equipo responsable do servizo.

Este persoal será formado previa e especificamente para o desenvolvemento das súas funcións e tarefas, establecendo posteriormente un sistema de xuntanzas periódicas de avaliación e formación, nas que se lles vaian dando respostas a problemas concretos que presente o servizo.

- Outros, profesionais coordinados cos traballadores sociais, tales como educador familiar ou psicólogo e profesionais doutros servizos que colaboren co servizo de axuda no fogar.

- Voluntarios, son aquelas persoas que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración económica e dentro do programa de intervención correspondente, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas do persoal anteriormente relacionado. Dado o seu carácter de relación interpersoal, de diversidade, de flexibilidade de horarios e de dispoñibilidade de tempo libre, as tarefas que poderán desempeñarlos voluntarios serán as de compañía, fomento de relacións e comunicación e ocupación do tempo libre, tanto dentro como fora do fogar, e outras que contribúan ó fomento da autoestima. A tal fin deberán ser formados convenientemente.

Os profesionais e voluntarios implicados nel deberán:

- Respetar-las normas e condicións establecidas, mediante acordo escrito, no momento da concesión do servizo, como contido esencial del, tales como tarefas que van a realizar, horarios, período de duración, achega económica ou similares.

- Comunicar-las causas que se poidan producir que dean lugar a modificacións na prestación do servizo.

- Respetar-la intimidade do usuario e gardar-la debida confidencialidade.

CAPITULO II

NORMAS E AXUDAS

Artigo 6º.- NORMAS.

O servizo de axuda no fogar estará resido polas seguintes normas:

1. Establecer como período de prestación do servizo de luns a venres, quedando excluídos as fins de semana, festivos e horarios nocturnos para os de libre concurrencia, de xeito excepcional e previo informe do traballador social a favor poderá facerse unha excepción. Para as persoas atendidas que teñan PIA aprobado a súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención de maneira que garante a súa cobertura das necesidades de atención de carácter persoal todos os días da semana.

2. Como norma establecida o servizo terá:

Para libre concurrencia unha duración máxima de dúas horas diarias e unha mínima de dúas a semana.

Cos dependentes con PIAS resoltos xa figura a intensidade da prestación podendo o usuario desistir do número de horas establecido adecuando a súa necesidade e deixando por escrito o organismo correspondente.

3. No caso de non poder atender tódalas demandas elaborárase unha lista de espera a que se accederá por orde de puntuación, considerando sempre prioritarios os dependentes. En caso de igual puntos en libre concurrencia terá prioridade o rexistro de entrada no Concello e no caso de dependentes a data de resolución do PIA.

4. Con carácter xeral, non se levará a cabo dentro nin fora do fogar, labor ningunha que non vaia dirixida o beneficiario do servizo, nin aínda para persoas que convivan no mesmo domicilio.

5. Enténdese que durante a prestación do servizo a entidade prestadora (seña o Concello ou empresa concertada) poderá realizar cambios de auxiliar, de horario e día en base a unha boa organización do mesmo así coma cambios nas tarefas a realizar sempre que fose necesario.

6. Cando o usuario non se atope no domicilio, non se prestará o servizo, e a auxiliar nunca estará en posesión das chaves da vivenda. Excepcionalmente e por causas graves o traballador social poderá decidir que esta acceda ó domicilio acompañado doutra persoa.

7. As queixas ou suxerencias dos beneficiarios ou as familias presentaranse sempre ante o traballador social e nunca tentarán resolverse coa auxiliar.

8. O servizo prestarase únicamente no domicilio do beneficiario, excluíndo a asistencia en outros domicilios dos familiares e os hospitais por ingreso do mesmo.

Artigo 7º AXUDAS E TAREFAS QUE PROPORCIONAN.

As atencións e axudas que proporciona o servizo, son as seguintes:

1.- Atencións de carácter persoal:

Engloban todas aquelas actividades que se dirixen ó usuario do servizo cando este non poida realizalas por si mesmo ou cando precise:

- Apoio no aseo e coidado persoal co obxecto de mantela hixiene corporal.

- Axuda para comer.

- Supervisión, se procede, da medicación simple prescrita por persoal facultativo e do estado de saúde para a detención e comunicación de calquera cambio significativo.

- Apoio á mobilización dentro do fogar.

- Compañía.

- Acompañamento fóra do fogar para a realización de diversas xestións tales como visitas médicas, tramitación de documentos e outras análogas.

- Facilitación de actividades de ocio no fogar mediante a entrega de material para a realización de traballos manuais, así como prensa, revistas, libros ou similares.

- Outras atencións de carácter persoal non recollidas nos apartados anteriores, que poidan ser incluídas con carácter específico para acadar-la finalidade deste servizo.

2.- Atencións de carácter psicosocial e educativo:

Refírense ás intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades personais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade onde se desenvolva a vida do usuario, así como o apoio á estrutura familiar.

3.- Atencións de carácter doméstica:

Enténdese como tales aquelas actividades e tarefas que se realicen de forma cotiá no fogar referidas a:

- Alimentación. Comprenderá, entre outros, os labores de compra e preparación de alimentos no fogar.

- Roupa. Comprenderá as funcións de lavar, planchar, coser, ordenar, mercar e outras análogas.

- Limpeza e o mantemento da vivenda (así como a realización de pequenas reparacións e outras tarefas que non impliquen participación de especialista) limitándose as tarefas de limpeza cotiá.

Todas elas terán un carácter excepcional e complementario das propias capacidades do usuario ou doutras persoas do seu entorno inmediato.

Para a realización destas actuacións o usuario deberá dispor ou proverse dos medios necesarios. No seu defecto, os servizos sociais competentes poderán xes-

tiona-los recursos adecuados para que as ditas atencións poidan ser realizadas convenientemente, tales como servizo de comidas a domicilio, lavandería e determinados equipamentos.

4.- Atencións de carácter técnico e complementario:

Refírese a xestións ou actuacións que poidan ser necesarias, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continue en condicións axeitadas, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como a teleasistencia e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

5.- Actuacións puntuais:

Tarefas necesarias para a posta en marcha ou o mantemento do servizo, como son limpeza a fondo ou adaptacións do fogar das anteriormente relacionadas.

Exclúense expresamente do Servizo de Axuda no Fogar, as seguintes tarefas:

A.- A atención a outros membros da familia que non fora coetada expresamente na concesión do servizo e na conseguinte valoración e proposta técnica.

B.- Tarefas de carácter sanitario que conleven unha formación específica e persoal cualificado para a súa realización.

C.- Tarefas de tipo agrícola-ganadeira nin labores de xardinería.

D.- Tarefas de limpeza de portais ou escaleiras comunitarias, nin lámparas, teitos e paredes da vivenda. Tampouco alimentación e aseo de animais de compañía ou doméstico nin de outro tipo.

CAPITULO III

PROCEDEMENTO

Artigo 8º.- REQUISITOS XERAIS PARA ACCEDER Ó SERVIZO.

Os requisitos para ser beneficiario do Servizo de Axuda no Fogar son os seguintes:

A.- Estar empadroadado no Concello.

B.- Presenta-la solicitude debidamente cumprimentada no Rexistro Xeral do Concello.

C.- Acredita-la situación de necesidade de dito servizo, de acordo co establecido no artigo 3º do presente regulamento, que será valorada polo Departamento de Servizos Sociais, mediante o correspondente dictame.

D.- Firma-lo contrato de integración no que se comprometa a cumprir-las obrigas inherentes ó Servizo, incluído o pago das cantidades que puideran corresponderlle.

E.- Non ter dereito a recibir axuda no fogar de ningunha outra entidade pública ou privada.

Artigo 9º.- TRAMITACION DAS SOLICITUDES.

1.- Os solicitantes poderán dirixirse ó Departamento de Servizos Sociais do Concello, dondese lles facilitará o modelo de solicitude normalizada, que xunto coa

documentación esixida presentárase no Rexistro Xeral do Concello, asinada polo solicitante do Servizo e no seu defecto polo seu representante legal ou tutor. Do mesmo xeito, o Departamento de Servizos Sociais proporcionará información personalizada, gratuíta e confidencial relacionada coa demanda do Servizo e as súas condicións, e en caso de necesidade ofrecerán apoio para que tanto a solicitude como a documentación a presentar se realicen de forma axeitada.

2.- Documentación a adxuntar coa solicitude:

- Fotocopia do D.N.I. ou, se non o tivese, outro documento oficial acreditativo da súa identidade.

- Fotocopia do D.N.I. do resto da unidade familiar e/ou, no seu defecto, libro de familia.

- Documentos acreditativos da situación de necesidade determinante da solicitude:

- Programa individual de atención resolto para os da dependencia.

Os dependentes pídenselles os ingresos segundo o art. 26 da orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establece criterios da xestión económica para o sistema da autonomía persoal e atención da dependencia.

Informe do médico de cabeceira ou no seu caso informe clínico sobre o estado de saúde ou deficiencia para os de libre concurrencia.

Certificado, no seu caso, de minusvalía de aquelas persoas que padezan, ben se trate do propio solicitante ou de persoas que convivan con el para libre concurrencia.

- Xustificante dos ingresos:

Certificado de cantos ingresos provintes de salario, pensións, subsidios, etc. ... e dos bens de patrimonio que se posúan.

Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificación de facenda de non estar obrigado a declarar.

Con carácter excepcional e naqueles casos no que o solicitante non presente a documentación acreditativa anteriormente mencionada, aportarase declaración xurada ou promesa do interesado na que se faga constar a carencia absoluta de rendas de familiares ou contra das mesmas.

- Calquera outro documento que se estime necesario.

3.- Dende o Departamento de Servizos Sociais o traballador social tra-la visita efectuada ó domicilio de cada solicitante do servizo, confeccionará informe-proposta co carácter de dictame técnico, no cal se considerarán tódalas circunstancias de necesidade ás que se refire o presente Regulamento, así como a aplicación dos baremos igualmente contidos no mesmo.

Respecto das solicitudes con documentación incompleta formuladas por persoas que cumpran tódolos requisitos para solicitar o servizo, os interesados serán requeridos para que no prazo de 10 días subsanen tales

deficiencias, con apercibimento de que se non o fixesen, o expediente será arquivado sen máis trámite. En casos extraordinarios que requiran unha intervención urxente, a solicitude poderá ser tramitada e resolta aínda que falta algún documento, co compromiso expreso de aporta-lo no prazo mais breve posible.

4.- O informe-proposta que o traballador social emitirá en relación con cada unha das solicitudes deberá conter polo menos:

- Valoración da situación persoal, socio-económica e familiar, de acordo cos baremos a tales efectos establecidos.

- Proposta de resolución, que no caso de ser favorable á demanda deberá incluí-lo número de horas de atención que se estima oportuno prestar, así como o detalle de tarefas que deben realizarse.

- Periodicidade coa que se debe de proceder a revisión dos casos.

5.- A Xunta de Goberno Local do Concello ou o órgano municipal competente, á vista das solicitudes e a valoración técnica emitida, resolverá cada unha delas no prazo máximo de tres meses, contados dende que a solicitude foi presentada no Rexistro Xeral do Concello. En caso de resolución positiva, a mesma terá a consideración de alta no Servizo, a cal se levará a cabo por parte do Departamento de Servizos Sociais, en función da dispoñibilidade de recursos.

A resolución do órgano municipal competente incluírá, no caso de ser favorable, indicación expresa do número de horas a prestar, relación de tarefas que se levarán a cabo, a contía que deberá aboar o solicitante, así como periodicidade coa que debe procederse á revisión do caso. Se se trata de resolución desfavorable, a resolución deberá indicar expresamente as circunstancias ou incumprimentos que determinan a mesma.

En todo caso a resolución será comunicada ó usuario, segundo o establecido na Lei de Procedemento Administrativo.

No caso de existir empresa concertada que xestione o servizo, notificaraselle a alta do usuario e ésta procederá nese momento a designación da auxiliar.

O Concello terá en todo momento coñecemento da xestión do servizo ben a través do departamento de SS.SS ou ben se fose o caso a través da traballadora social da empresa xestora e máis da supervisión que sobre está faga a técnico municipal.

Artigo 10º.- SOBRE O TRAMITE DE URXENCIA.

Non obstante ó establecido no parágrafo anterior, cando concurran circunstancias que aconsellen unha intervención inmediata do servizo, esta poderá iniciarse de forma inmediata, bastando para isto o informe-proposta do Departamento de Servizos Sociais, no que se argumentarán as circunstancias que aconsellen esta inmediatez e a conseguinte proposta.

O inicio da prestación por vía de urxencia suporá en todo caso a tramitación do expediente de solicitude do servizo, de acordo co procedemento establecemento

no art. anterior. A Xunta de Goberno Local ou órgano municipal competente deberá darse por enterado da alta de urxencia ratificando tal decisión.

Esta intervención de urxencia non poderá manterse máis dun mes sen que medie resolución favorable expresa da Xunta de Goberno Local no desenlace do trámite de solicitude.

Artigo 11º.- SOBRE A REVISION DAS AXUDAS CONCEDIDAS.

Nos prazos ou datas que especifiquen a concesión do Servizo, ou sempre que se produzan circunstancias que varíen as que deron motivo a dita concesión, os Traballadores Sociais do Departamento de Servizos Sociais, procederá a revisa-los casos nos que se estea prestando o servizo, e se se valora oportuno poderán varia-las tarefas que se realizan en base á concesión inicial, ou incluso aumentar ou reduci-lo número de horas.

Se non existise conformidade do usuario, poderase iniciar expediente de modificación, de oficio ou a iniciativa do interesado, que será resolto pola Xunta de Goberno Local ou o órgano municipal competente tras valora-la documentación e informes oportunos.

Artigo 12º.- EXTINCION DO SERVICIO.

1.- Constitúen causas de extinción definitiva do servizo as seguintes:

a) O incumprimento grave dos deberes que o presente Regulamento determina para os usuarios do servizo, ou dos compromisos adquiridos coa sinatura do contrato de integración, ou a negativa a asina-lo mesmo.

b) A comprobación de ocultación ou falsidade dos datos esixidos para a súa concesión.

c) A desaparición das circunstancias que deron orixe á concesión do servizo.

d) O pasamento do beneficiario.

f) O traslado do domicilio do beneficiario fóra do termo municipal de Lourenzá.

g) A renuncia do beneficiario.

h) A superación do mes de baixa temporal.

i) A negativa a aboa-lo prezo que lle coesponda polo servizo ou o retraso no pago se supera os 60 días.

j) Deterioro psicofísico que faga recomendar o seu ingreso en centro para unha correcta atención.

k) Ausencia necesaria, xustificada e comunicada do beneficiario por período superior a dous meses (durante os cales aboará a cota establecida).

l) Ausencias non necesarias, non xustificadas e non comunicadas do beneficiario por período superior a dez días ou ausencias non comunicadas e reiteradas de máis de cinco días.

ll) Que o Concello deixe de prestar o servizo por non dispoñer de orzamento.

Constitúen causas de baixa temporal do servicio, que non anulan a perda de condición do beneficiario do mesmo, o ingreso en Centros Hospitalarios por períodos non superiores a 15 días o retraso de máis de 30 días naturais no pago que lle corresponda pola prestación do servicio.

Constitúen causa de suspensión temporal, logo da tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico o cal deberá incorporarse ao expediente persoal as que seguen: 1.- Ausencia temporal do domicilio debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivaron a súa ausencia, suspensión de ata tres meses. 2.- Presentación dun parte de incidencias por ambas partes debendo estar xustificada a incidencia, suspensión ata un mes. 3.- Modificacións temporais das causas que motivaron a necesidade do servicio, poderá suspenderse en tanto persista o cambio de circunstancia causante da suspensión.

2.- No caso de que se produza unha extinción do Servicio con carácter definitivo, será notificada ó beneficiario ou á súa unidade de convivencia. No caso de que se produza unha nova solicitude do mesmo, ésta non poderá realizarse antes dun mes, se a causa foi a sinalada no punto 1º a) da anterior relación, e de tres meses, se a causa de extinción foi a sinalada no anterior apartado 1º b).

CAPITULO IV

PREZO POR PRESTACION DE SERVICIO

Artigo 13º.- PREZOS.

1.- O prezo do servicio estará determinado na ordenanza municipal da taxa de cobro do servicio de axuda no fogar seguindo as seguintes tarifas:

INGRESOS EN RELACIÓN

AO IPREM	COPAGAMENTO
Ata o 100% do IPREM	Exento
Entre o 100 % e o 150 %	10%
Entre o 150 % e o 200 %	12%
Entre o 200 % e o 250 %	15%
Entre o 250 % e o 300 %	20%
Entre o 300 % e o 350 %	28%
Entre o 350 % e o 400 %	37%
Entre o 400 % e o 450 %	45%
Entre o 450 % e o 500 %	60%
> 500 %	65%

ARTIGO 14ª.- CALCULO DOS INGRESOS ECONOMICOS.

Para fixa-la base dos ingresos de cada usuario:

Para a libre concurrencia:

a) A capacidade económica das persoas usuarias calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teráanse en conta, ademais, as persoas

conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafo seguintes.

b) A renda valorase atendendo os ingresos netos que se perciban, que inclúen pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

c) Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio.

d) No caso de que o usuario/a tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán consideración de rendas computables, entendéndose neste caso a renda persoal, a metade da suma dos ingresos de ambos os dous.

e) A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo as rendas entre a suma dos seguintes conviventes: O perceptor ou perceptores, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

f) A capacidade económica resultante será a da renda do usuario/a, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

Para a dependencia:

a) Para os programas individuais de atención resolto da dependencia basámonos na orde 17/12/2007 que fixa a xestión das prestacións económicas do sistema da atención da dependencia na Comunidade Galega. No seu artigo 26 apartado 2 da determinación da capacidade económica dos beneficiarios

ARTIGO 15º.- REPERCUSIÓN DO PREZO SOBRE OS USUARIOS DO SERVICIO.

Para obte-los importes que deberán repercutir a cada usuario do servicio, aplicarase unha porcentaxe sobre o prezo/hora fixado en cada exercicio. Dita porcentaxe será determinada en función do baremo que se establece na ordenanza fiscal de aplicación.

A taxa mensual a aboar por os usuarios, será determinado no acto de concesión do servicio, e non sufrirá variación, salvo que se modifiquen as circunstancias que deron orixe a dita concesión, ou se se produce variacións no número de horas prestadas ou actualicen a taxa dos prezos do servicio, de acordo co establecido a tales efectos no artigo 11º do presente Regulamento.

CAPITULO V

DEREITOS E DEBERES DO USUARIO

ARTIGO 16º.- DEREITOS DOS USUARIO.

Os usuarios do Servicio de Axuda no Fogar teñen dereito, a:

1.- Ser informados de forma correcta e puntual, respecto a todos aqueles aspectos que interesen en relación coa tramitación, concesión ou no seu caso denegación, prestación e incidencias do Servicio, así como calquera outro aspecto relacionado co mesmo que poida ser do seu interese.

2.- A correcta e dilixente prestación do servicio, conforme á concesión do mesmo e ós contidos no presente Regulamento.

3.- O respecto á súa intimidade e á absoluta confidencialidade de cantos aspectos da súa vida persoal, familiar, económica ou social poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do Servicio.

Artigo 17º.- DEBERES DOS USUARIOS.

Os usuarios do Servicio de Axuda no Fogar están obrigados a:

1.- Dispensar un trato correcto ós traballadores que teñan encomendada a xestión do servicio, e de maneira especial a aqueles que teñan encomendada a realización no fogar das tarefas correspondentes.

2.- Poñer a disposición da auxiliar do fogar, os útiles e materiais necesarios para a realización das tarefas domésticas e persoais asinadas.

3.- Comunicar ó Departamento de Servicios Sociais, as circunstancias sobrevidas que conleven unha alteración en calquera dos aspectos da prestación do servicio que se realice.

4.- O usuario comprometerase ademais a que se realice o seguimento e control do desenvolvemento do servicio polo equipo técnico de Servicios Sociais da entidade local, sempre que se garanta o cumprimento do establecido na presente orde.

5.- Os usuarios e, no seu defecto os familiares ou outros que deles se fagan cargo, están obrigados ó pago da aportación mensual asinada no prazo sinalado por cada servicio prestado e polos servicios asinados e non realizados pola súa causa, que así o sinala Departamento de Servicios Sociais.

A falta de pago sen causa xustificada, cando este retraso sexa superior ós 30 días naturais, conlevará a suspensión da prestación do Servicio. Os 60 días de retraso no pago conlevarán a baixa definitiva no servicio.

Artigo 8º.- REXIME DISCIPLINARIO DO PERSOAL.

Serán obxecto de sanción disciplinaria as accións u omisións voluntarias imputables ó persoal e que estean definidas como faltas no presente regulamento.

FALTAS.

Clasifícanse en leves, graves e moi graves.

A. Son faltas leves:

1. De tres a cinco faltas de puntualidade inxustificadas no traballo, cometidas nun período dun mes.

2. O incumprimento dos deberes específicos sin prexuízo sensible para o Servicio de Axuda no Fogar.

3. A desatención cos superiores, compañeiros e usuarios.

4. En xeral, aquelas outras que, sen afectar á eficacia do servicio impliquen descoido escusable no traballo ou alteración de formas sociais de normal observancia.

B. Son faltas graves:

1. Máis de cinco faltas inxustificadas de puntualidade na asistencia ó traballo nun período dun mes.

2. A falta inxustificada de asistencia ou permanencia no traballo, así como a tolerancia ou amparo na comisión delas.

3. O incumprimento dos deberes específicos con prexuízo sensible para o Servicio de Axuda no Fogar.

4. A falta de respecto cos superiores, compañeiros e usuarios.

5. A desatención, exceso de confianza que prexudique o usuario do servicio.

6. O incumprimento do segredo profesional, se ocasionasen graves prexuízos á Institución Pública considerárase esta infracción como falta moi grave.

7. O incumprimento das normas establecidas ou das ordes recibidas.

8. A xestión ou tramitación de asuntos de empresa ou particulares en relación cos servicios da Administración Local, en xeral a infracción do deber de incompatibilidade. Cando desta se deriven prexuízos graves para a Administración, a falta será moi grave.

9. Os altercados nas dependencias da Administración e do servicio.

10. A reincidencia en falta leve, aínda que sexa de distinta natureza, sempre que a infracción anterior fose sancionada.

11. A utilización da súa situación laboral para gañarse a confianza do usuario e obter información que poida utilizarse en beneficio económico para o persoal encargado do Servicio de Axuda no Fogar.

12. A aceptación de calquera compensación sexa ou non económica das persoas usuarias do Servicio de Axuda no Fogar.

13. En xeral, todo acto ou omisión que revele un grao de negligencia ou ignorancia inescusable ou causen prexuízos para o Servicio de Axuda no Fogar.

C. Son faltas moi graves:

1. Máis de vinte faltas inxustificadas de puntualidade e asistencia no traballo, cometidas nun período de tres meses.

2. A falta inxustificada de asistencia no traballo por un tempo superior a dez días consecutivos.

3. O abandono do servicio.

4. A indisciplina e desobediencia grave.

5. Os malos tratamentos de palabra ou outra falta grave de respecto cos superiores, compañeiros e usuarios.

6. A falta de ética e moralidade no traballo.

7. A fraude, o abuso de confianza nas xestións encomendadas, así como o falseamento ou omisións maliciosas das informacións que se lle solicitaran.

8. A diminución voluntaria e continuada no rendemento normal do traballo.

9. A embrieguez cando sexa habitual.

10. A insubordinación individual ou colectiva.

11. A realización de actos contrarios á moral pública ou que desprestixen a Administración Local e o propio servizo.

12. A reincidencia de delitos dolosos, declarados por sentenza xudicial firme.

13. A reincidencia en faltas graves, aínda que sexa de distinta natureza, sempre que a infracción anterior fose sancionada.

SANCIÓNS.

Por razón das faltas cometidas poderán impoñerse as seguintes sancións:

1. Apercibimento escrito.

2. Perda dun a catro días de remuneración.

3. Perda de cinco a vinte días de remuneración.

4. Suspensión de emprego e soldo dun mes a seis meses.

5. Suspensión de emprego e soldo de seis meses e un día a un ano.

6. Separación definitiva do Servizo de Axuda no Fogar.

Ás dúas primeiras sancións aplícanse as faltas leves, á terceira e cuarta aplícanse as faltas graves e ó resto as moi graves.

As sancións impostas faranse constar nun expediente administrativo do interesado, que serán canceladas de oficio ou petición de parte sempre que se observe boa conducta e huobesen pasado dende o cumprimento das sancións os prazos seguintes:

- Seis meses para as faltas leves.

- Dous anos para as graves.

- Cinco anos para as moi graves.

DISPOSICIONS ADICIONAIS.

Primeira.- Facultarase ó Departamento de Servizos Sociais, a través do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, para resolver aquelas cuestións que relacionadas co Servizo de Axuda a Domicilio poidan presentarse, e que non estean recollidas expresamente no presente Regulamento.

Segunda.- Anualmente a o Pleno da Corporación, a proposta do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, actualizará as taxas do servizo, que deberán ser comunicadas, xunto coa nova aportación que disto se derive a cada usuario.

Terceira.- O presente Regulamento surtirá efectos a partir da data da súa aprobación polo Concello e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación.

DISPOSICION FINAL.

Para o non disposto no presente regulamento será de aplicación a lexislación en materia de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

BAREMO VALORACIÓN DE CASOS.

1.- CAPACIDADE DE AUTOVALEMENTO .

1.1. CAPACIDADE MOTORA.

A.- Levantarse:

Puntos 0: Levántase só.

Puntos 1: Levántase so (con dificultade).

Puntos 2: Levántase con axuda.

Puntos 3: Non se levanta.

B.- Deambular:

Puntos 0: Camiña só.

Puntos 1: Camiña só con dificultade.

Puntos 2: Camiña con axuda de bastón ou similar.

Puntos 3: Inmovilidade en cadeira de rodas ou encajado.

C.- Saír da casa:

Puntos 0: Sae so.

Puntos 1: Sae con dificultade.

Puntos 2: Sae con axuda.

Puntos 3: Non sae (non sube nin baixa escaleiras).

1.2. SENTIDOS

A.- Visión:

Puntos 0: Boa.

Puntos 1: Déficit visual.

Puntos 2: Grave déficit visual.

Puntos 3: Cegueira.

B.- Audición:

Puntos 0: Boa.

Puntos 1: Déficit auditivo.

Puntos 2: Grave déficit auditivo.

Puntos 3: Xordeira.

C.- Linguaxe:

Puntos 0: Normal.
 Puntos 1: Difícil de comprender.
 Puntos 2: Incomprensible.
 Puntos 3: Ausente.

1.3. CAPACIDADE PSÍQUICA.

A.- Orientación temporo-espacial:
 Puntos 0: Boa.
 Puntos 1: Desorientación ocasional (leve), pérdese e confúndese a veces.
 Puntos 2: Desorientación frecuente.
 Puntos 3: Desorientación total.

B.- Memoria:
 Puntos 0: Normal.
 Puntos 1: Retén actos recentes con dificultade. Coñece ben ás persoas aínda que esquece algunha cousa.
 Puntos 2: Retén soamente feitos antigos. Comprende ás persoas.
 Puntos 3: Non retén ningún feito. Demencia total con descoñecemento das persoas.

C.- Comunicación:
 Puntos 0: Normal.
 Puntos 1: A conversa é posible pero non perfecta.
 Puntos 2: Imposible manter unha conversa lóxica.
 Puntos 3: Claras alteración mentais calificadas xa de demencia.

D.- Conducta:
 Puntos 0: Normal.
 Puntos 1: Trastornos de carácter, sobre todo se se disgusta.
 Puntos 2: Claros trastornos do humor.
 Puntos 3: Desecontrol total dos seus actos.

E.- Capacidade de xestión:
 Puntos 0: Realiza as xestións só.
 Puntos 1: Realiza as xestións con dificultade.
 Puntos 2: Realiza as xestións con axuda.
 Puntos 3: Non pode realiza-las xestións.

F.- Sociabilidade:
 Puntos 0: Mantén relacións.
 Puntos 1: Mantén poucas relacións.
 Puntos 2: Mantén relacións con dificultade.
 Puntos 3: Non se relaciona.

1.4. COIDADOS PERSOAIS.

A.- Aseo Diario:

Puntos 0: Só.
 Puntos 1: Só con dificultade.
 Puntos 2: Con axuda.
 Puntos 3: Aseo xeral encamado.

B.- Bañarse:
 Puntos 0: Só.
 Puntos 1: Con axuda.
 Puntos 2: Con axuda total.
 Puntos 3: Imposibilidade total

C.- Vestirse:
 Puntos 0: Só.
 Puntos 1: Só con dificultade.
 Puntos 2: Con axuda.
 Puntos 3: Incapaz.

D.- Control de esfínteres:
 Puntos 0: Continencia total.
 Puntos 1: Incontinencia esporádica.
 Puntos 2: Incontinencia ocasional.
 Puntos 3: Incontinencia total ou permanente

1.5. TAREFAS DOMÉSTICAS.

A.- Limpeza a domicilio:
 Puntos 0: Só.
 Puntos 1: Só con dificultade.
 Puntos 2: Con axuda (mantemento).
 Puntos 3: Non pode (diario).

B.- Preparación de comidas:
 Puntos 0: Só.
 Puntos 1: Só con limitacións.
 Puntos 2: Non pode preparala.
 Puntos 3: Non pode nin quentalas.

C.- Compra:
 Puntos 0: Só.
 Puntos 1: Con axuda ocasional.
 Puntos 2: Con axuda permanente.
 Puntos 3. Non pode face-las compras.

D.- Lavado e coidado da roupa (con lavadora):
 Puntos 0: Só.
 Puntos 1: Só con dificultade.
 Puntos 2: Con axuda (orde, tender, pasa-lo ferro).
 Puntos 3: Non pode.

1.6 VALORACION AUTONÓMIA PERSOAL.

Tabla de puntuación para valoración nivel de autonomía persoal										
Sin cert. De disca pa Ciudad e	De 33% Ata 64% Disca p.	De 65% Ata 74%	75%-100%	81%-87%	88%-93%	94%-100%				
			Con 14 pto s ATP	75-100% con 15-29 ATP	75-100% con 30-44 ATP	75-100% con 45-72 ATP				
			75% disc ap. ata 24 pto s. ATP	25-39 Pto s. ATP	40-49 BVD	50-64 BV D	65-74 BVD	75-89 BV D	90-100 BVD	
				Gra o I Nivel 1	Gra o I Nivel 2	Gra o II Nivel 1	Gra o II Nivel 2	Gra o III nivel 1	Gra o III nivel 2	
2 pto s.	5 pto s.	10 pto s.	14 pto s.	20 pto s.	24 pto s.	30 Pto s.	32 pto s.	38 Pto s.	40 Pto s.	Puntos autono mía persoal

2.- FACTOR SAÚDE.

Puntos 0: Persoas con boa saúde.

Puntos 1: Persoas con dificultades temporais de convalencia.

Puntos 2: Persoas afectadas por enfermidades restrictivas da mobilidade (artrosis, hemiplexia, etc).

Persoas afectadas por enfermidades restrictivas da saúde mental (falta de rego, depresión, etc).

Puntos 3: Persoas afectadas por enfermidades restrictivas da capacidade de autocoidado.

3.- FACTOR VIVENDA.

3.1. CONDICIONS DE HABITABILIDADE.

Puntos 0: Vivenda con certa calidade.

Puntos 1: Vivenda cun nivel en conxunto normal ou modesto.

Puntos 2: Vivenda con instalación eléctrica ou de auga deterioradas.

- Vivenda con papel ou pintura deterioradas ou inexistentes.

- Vivenda con barreiras arquitectónicas que dificulten a do usuario.

Puntos 3: Vivenda en mal estado estrutural (paredes e teitos agretados, humidade, falta de ventilación e luz natural, falta de portas e fiestras).

- Vivenda con paredes, teitos, fiestras e portas deterioradas.

3.2. CONDICIONS DE EQUIPAMENTO.

Puntos 0: Equipamento de certa calidade.

Puntos 1: Equipamento con conxunto normal ou modesto.

Puntos 2. Electrodomésticos ou mobiliario en mal estado.

- Carece de sistema algún de calefacción.

Puntos 3. Falta de mobiliario.

- Carencia de electrodomésticos básicos (frigorífico, lavadora, cociña, etc).

- Falta de baño, auga quente, luz eléctrica, etc.

3.3. RÉXIME DE TENENCIA.

Puntos 0: Vivenda propia.

Puntos 1: Vivenda alugada.

Puntos 2: Caseiros ou similar.

Puntos 3: Vivenda cedida en precario.

4.- FACTOR SITUACIÓN FAMILIAR.

Puntos 0: Ten familiares que viven con él e poden atendelo.

Puntos 1: Ten familiares ou achegados, mantén relación con eles pero non viven próximos. Non ten familiares con suficiente disponibilidad de tempo para a súa atención.

Puntos 2: Os familiares adican todo ou moito tempo á súa atención pero necesitan apoio nesta.

- Non ten familiares con capacidade persoal para o seu coidado.

- A unidade familiar carece de capacidade para autorganizarse.

- Os pais ou titores están incapacitados dalgún xeito, están ausentes ou carecen de compatibilidade horaria para a atención da familia.

Puntos 3: Vive só e non ten familiares nin achegados que o atendan.

5.- FACTOR ORGANIZACIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA.

5.1. ALIMENTACIÓN.

Puntos 0: Adecuada.

Puntos 1: Normal ainda que sin variedade.

Puntos 2: Desorganización en horarios e comidas.

- Inadecuada para a idade , enfermidade, etc.

Puntos 3: Escasa e pobre.

5.2. HIXIENE FAMILIAR E DO FOGAR.

Puntos 0: Bó aspecto xeral.

Puntos 1: Aspecto xeral descoidado.

Puntos 2: Certa falta de hixiene persoal e/ou do fogar.

Puntos 3. Suciedade tanto na roupa como no corpo.

- Suciedade e desorden na vivenda.

5.3. ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA.

Puntos 0: Correcta distribución do presuposto.

Puntos 1: Distribución incorrecta do presuposto, pero non grave.

Puntos 2: Non se cubren as necesidades básicas correctamente porque se gasta en outros bens ou produtos.

Puntos 3: Gástase inadecuadamente o presuposto non chegando a final de mes e contraendo débedas.

6.- FACTOR RELACIÓNS SOCIAIS.

Puntos 0: Nivel adecuado de relacións sociais.

- Con capacidade para iniciar e manter contactos interpersoais.

Puntos 1: Nivel medio baixo de relacións sociais.

- Leve dificultade para iniciar e manter contactos interpersoais.

Puntos 2: Nivel baixo de relacións sociais.

- Con serias dificultades para relacionarse.

- Recibe axuda e visitas esporádicas de amigos e veciños pero esto non é suficiente.

- Vive só e ten posibilidades de convivencia pero prefere continuar no seu domicilio.

Puntos 3: Nivel moi baixo de relacións sociais.

- Illamento social por motivo xeográfico, etc.

- Soidade por características persoais específicas, etc.

- Situación na que a persoa/as sofren un certo rexeitamento por mor de marxinación, etc.

7.- FACTOR ACCESIBILIDADE A SERVICIOS E EQUIPAMENTOS BÁSICOS. (CENTRO MÉDICO, FARMACIA, TENDAS, ALIMENTACIÓN, COMERCIOS ESPECIALIZADOS, CORREOS, BANCOS, ETC).

Puntos 0: Cercanía e doado acceso ós servicios e equipamentos básicos.

Puntos 1: Pouca distancia e accesos aceptables.

Puntos 2: Distancia media e accesos con certas deficiencias.

Puntos 3: Moita distancia e vías de acceso en condicións deficientes.

8.- FACTOR ECONÓMICO.

	COPAGAMENTO	PUNTOS
Ata o 100% do IPREM	Exento	10
Entre o 100 % e o 150 %	10%	9
Entre o 150 % e o 200 %	12%	8
Entre o 200 % e o 250 %	15%	7
Entre o 250 % e o 300 %	20%	6
Entre o 300 % e o 350 %	28%	5
Entre o 350 % e o 400 %	37%	4
Entre o 400 % e o 450 %	45%	3

Entre o 450 % e o 500 %	60%	2
> 500 %	65%	1

Lourenzá, 3 de xullo de 2009.- O Alcalde, Vidal Martínez-Sierra López.

R. 03853

LUGO

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE CONTRATOS

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación definitiva do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servicio de Contratación e Asuntos Xerais.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Administrativo especial.

b) Descrición do obxecto: É a prestación das actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias incluídas dentro da programación da Concellería de Deportes nas escolas deportivas municipais.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Presuposto base de licitación.

Importe total:

- O valor estimado do contrato é de 592.677,43 euros.

- 7% de IVE 41.487,42 euros.

- O orzamento máximo da licitación ascende á cantidade de 634.164,85 euros durante a primeira anualidade.

5.- Adxudicación:

a) Provisional: 18 de marzo de 2009.

b) Definitiva: 1 de xullo de 2009.

c) Contratista:

A BILLARDA, S.L.

d) Nacionalidade: Española.

e) Importe de adxudicación:

- 633.064,85 euros, IVE incluído, durante a primeira anualidade.

Lugo, 6 de xullo de 2009.- O ALCALDE, P.D. A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA, Sonia Méndez García.

R. 03903

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 24 de xuño de 2009, en relación coa relación de postos de traballo da Policía Local, adoptou o acordo nº 22/480, que a continuación e literalmente se transcribe:

"22/480 MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA POLICÍA LOCAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do Ilmo. Sr. Concelleiro Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade, do 15 de xuño de 2009, na parte expositiva da cal se fai constar:

"No acordo nº 18/327, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 6 de maio de 2009, polo que se aprobou a modificación da relación de postos de traballo da Policía Local, padeuse un erro no que se determina no último parágrafo da praza de intendente (grupo A1), por canto, debera de figurar como requisito académico necesario para participar no proceso selectivo correspondente, estar en posesión de titulación universitaria de grao superior (licenciatura); en lugar de as titulacións de licenciado en socioloxía, ciencias da educación, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía e antropoloxía social e cultural."

En virtude de todo o cal, e tendo en conta o regulado en canto á revogación de actos e rectificación de erros no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido Concelleiro Delegado e por unanimidade, ACORDA rectificar o citado acordo número 19/328, da Xunta de Goberno do día 6 de maio de 2009, polo que se aprobou a modificación da relación de postos de traballo da Policía Local, no sentido seguinte:

Onde di:

"Pola especialidade das funcións, determínase que como requisito académico necesario para participar no proceso selectivo correspondente que se convoque serán as titulacións de licenciado en socioloxía, ciencias da educación, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía e antropoloxía social e cultural".

Debe dicir:

"Pola especialidade das funcións, determínase que, como requisito académico necesario para participar no

proceso selectivo correspondente que se convoque, terán que estar en posesión de titulación universitaria de grao superior (licenciatura)".

Lugo, 30 de junio de 2009.- O CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCION DA COMUNIDADE, José Rábade Arias.

R. 03906

—
ANUNCIO DE CITACIÓNS PARA NOTIFICACIÓN
POR COMPARECENCIA

Dado que non foi posible realiza-la notificación ó interesado ou ó seu representante coñecido por causas non imputables a esta Administración, e posto que foi intentada por dúas veces, en cumprimento do que dispón o artigo 112 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a continuación relaciónanse as notificacións de procedementos de derivación de responsabilidade, tramitados polo Servizo de Tesourería para coñecemento dos suxeitos pasivos, obrigados tributarios, ou dos seus representantes, para que no prazo de quince días naturais, contados dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia comparezan ante este Concello, ronda da Muralla 197, 2º andar, Servizo de Tesourería para ser notificados. Transcorrido o dito prazo sen que se producise a comparecencia, a notificación entenderase realizada para tódolos efectos legais dende o día seguinte ó do vencemento daquel.

Nº Expediente- Resolución 5/2009.

NIF: B 27210558.

Razón social/nome do suxeito responsable: Construcciones y Saneamientos A Pionca, S.L.

Dirección: A Pionca. Caborecelle. Portomarín. 27178. LUGO.

Tipo de responsabilidade: Solidaria.

Importe: 8.443,79.

Razon social/nome do suxeito antecesor: A Pionca, S.A.

Lugo, 8 de xullo de 2009.- A TESOUREIRA MUNICIPAL, Mª del Rosario Vázquez Fernández.

R. 03942

AREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS

IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

De conformidade co previsto no art. 112 da Lei 58/2007, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, de seguido relaciónanse as notificacións das cartas de pagamento resultantes do procedemento inspector do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, que neste Concello se tramitan e que se atopan pendentes de entrega ós pasivos, obrigados tributarios, ou os seus representantes, ós cales corresponden, despois de ter tentado a súa entrega por dúas veces, sin que fose posible practicala por causas no imputables a esta Administración. Por medio da presente ponse en coñecemento dos interesados ou os seus representantes, para que, no prazo de QUINCE DÍAS, contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio, comparezan ante este Concello, nas dependencias da Inspección Tributaria, sitas na Ronda da Muralla 197, segundo andar, de Lugo, para ser notifica-

dos. Transcurrido dito prazo sin que a comparecencia se producira, a notificación entenderase realizada a tódolos efectos legais dende o día seguinte ó deo remate do prazo sinalado.

Acta Nº	Dni./Nif.	Pasivo / Responsable Tributario	Carta de pago	Total
I019838-068-09	33.810.338-Q	JESÚS VILLAMARÍN CAMIÑO	4247963	444,14 euros

(Liquidación aprobada por Resolución da Alcaldía 225/2009, de 2 de xuño do libro de Resolucions en materia de Inspección de Facenda).

A Ilma. Sra. TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO, Sonia Méndez García.- O Inspector Xefe, Francisco Rivera Iglesias.

R. 03943

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación definitiva do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.
b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

- a) Tipo de contrato: Xestión de servizo público.
b) Descrición do obxecto: Xestión do servizo público de regulación de aparcamentos na vía pública mediante expendedores de tickets (ORA).

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: Ordinaria.
b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación:

- a) Orzamento máximo do contrato: A retribución do concesionario consistirá na recadación obtida polos tic-

kes expedidos, segundo as tarifas aprobadas polo Concello nas súas ordenanzas fiscais.

5.- Adxudicación provisional:

- a) Data: 22 de abril de 2009.
b) Contratista: GRUPO EUROPEO DE SERVICIOS DOAL, S.A.
c) Nacionalidade: Española.
d) Orzamento máximo do contrato: Porcentaxe do 20% sobre a recadación obtida e as seguintes mello-
ras, valoradas según o técnico municipal nun total de 832.021,36 euros.

6.- Adxudicación definitiva:

- a) Data: 07 de xullo de 2009.
b) Contratista: GRUPO EUROPEO DE SERVICIOS DOAL, S.A.
c) Nacionalidade: Española.
d) Orzamento máximo do contrato: Porcentaxe do 20% sobre a recadación obtida e as seguintes mello-
ras, valoradas según o técnico municipal nun total de 832.021,36 euros.

Lugo, 8 de xullo de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTE-ALCALDE DA AREA, (Decreto Alcaldía núm. 64/2007), Sonia Méndez García.

R. 04013

MONFORTE DE LEMOS

Edicto

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, publicase notificación da resolución sancionadora dictada nos expedientes que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de tráfico polos axentes da autoridade ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizala notificación, despois de intentala no domicilio coñecido do infractor, feito do que se ten constancia no expediente.

Nº Expediente	NIF Infractor	Nome e apelidos	Municipio	Data/Hora Infracc.	Art/Lei/Apd	F.ND/F.	Importe
660/2008	33346337V	BARRUL JIMENEZ MIGUEL ANGEL	LUGO	23/07/2008 / 10:45	91 / RGC	0	91,00
704/2008	9438498B	FANDOS LOPEZ CARLOS	OVIEDO	14/08/2008 / 10:00	91 / RGC	0	91,00
791/2008	52208391R	RUIZ VALDEPEREZ JUAN CARLOS	VILADECANS	05/09/2008 / 09:53	91 / RGC	0	91,00
905/2008	71894070A	MONTOYA HERNANDEZ MIGUEL	MONFORTE DE LEMOS	25/09/2008 / 10:39	91 / RGC	0	91,00

574/2008	34263524X	LOPEZ ALVAREZ MARIA CONCEPCION	CORUÑA (A)	06/06/2008 / 10:00	91 / RGC	0	91,00
S711/2008	B 95307831	BANKOSON SL	ORTUELLA	25/11/2008 /	72 / LSV	0	310,00
955/2008	34274797J	FREIRE GIAMPAOLETTI GONZALO ARIEL	MONFORTE DE LEMOS	20/09/2008 / 17:25	91 / RGC	0	91,00
961/2008	34267084M	VAZQUEZ LOPEZ LUCIA	MONFORTE DE LEMOS	03/10/2008 / 16:45	91 / RGC	0	91,00
989/2008	34274250H	PAEZ VARGAS JHON	MONFORTE DE LEMOS	20/10/2008 / 09:25	91 / RGC	0	91,00
993/2008	34249159C	RODRIGUEZ PARGA MARIA TERESA	MONFORTE DE LEMOS	31/10/2008 / 17:12	91 / RGC	0	91,00
997/2008	34263429F	ILLANES LUGO JAVIER	MONFORTE DE LEMOS	13/10/2008 / 19:35	91 / RGC	0	91,00
1029/2008	34985601W	GONZALEZ PEREIRA JAIME	OURENSE	08/10/2008 / 10:25	91 / RGC	0	91,00
1041/2008	74218755D	MENA RODRIGUEZ ALBERTO	ELCHE/ELX	23/10/2008 / 17:35	91 / RGC	0	91,00
1063/2008	33810034B	LOPEZ DIAZ MANUEL	SARRIA	13/10/2008 / 17:00	91 / RGC	0	91,00
S727/2008	B 27273739	DISTRIBUCIONS AS CASELAS DO LOR SL	MONFORTE DE LEMOS	22/12/2008 /	72 / LSV	0	310,00
1119/2008	34258530F	GONZALEZ JATO JUAN CARLÓS	MONTE (O)	26/11/2008 / 17:00	91 / RGC	0	91,00

Contra o precedente acto de imposición de sanción só poderá interpoñerse recurso de reposición perante o mesmo órgano que adoptou a resolución impugnada dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da presente publicación, tendo carácter obligatorio previo ó recurso contencioso-administrativo (art. 14.2 RDL 2/2004 de 5 de marzo e 108 da Lei 7/1985 de 2 de abril).

O recurso contencioso-administrativo poderase interpoñer no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación da resolución que poña fin ó recurso de reposición, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou da circunscrición na que teña o seu domicilio o sancionado (art. 46 1 e 4 da Lei 29/1998 de 13 de xullo).

Se non se producira resolución expresa do recurso de reposición, o recurso contencioso-administrativo poderase interpoñer no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquél no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso previo de reposición. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime procedente con arreglo a dereito.

A sanción poderá facerse efectiva na súa totalidade dentro dos 15 días seguintes á presente publicación. Transcorrido o prazo establecido para o pago en periodo voluntario, o seu cobro realizarase co recargo correspondente, costas e xuros de demora, de conformidade co establecido nos artigos 161.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e 21.2 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro.

Lugar e forma de pagamento: En calquera sucursal da rede de oficinas Caixa Galicia.

Monforte de Lemos, 30 de xuño de 2009.- O Alcalde - Presidente, Severino Rodríguez Díaz.

R. 03828

MONTERROSO

Información pública

D. Mario Veiga Fraga, en representación de SAT GOCALVESA solicita desta Alcaldía licenza municipal para "CONSTRUCCIÓN DE SILOS DE FORRAJE PARA EXPLOTACIÓN EXISTENTE" en O Castro-San Breixo de Monterroso. O que se somete a información pública de acordo co establecido no artigo 8.3 do

Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental, durante o prazo de vinte días para os efectos de alegacións que os interesados consideren oportunas.

Monterroso, 8 de xullo de 2009.- O Alcalde, Antonio E. Gato Soengas.

R. 03907

PARAMO

Edicto

Quedando definitivamente aprobado el PRESUPUESTO PARA EL EJERCICIO ECONÓMICO 2009, por no haberse presentado reclamaciones al acuerdo provisional adoptado en la sesión plenaria del día 28 de mayo de 2009, y publicado en el BOP n° 138, en cumplimiento del artículo 169.3 del RD. Legislativo 2/2004, se hace público según el siguiente detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAPITULO	DENOMINACION	IMPORTE
A) OPERACIONES CORRIENTES		
1	Gastos de personal	396.502,92
2	Gastos en bienes corrientes y servicios	341.249,92
3	Gastos financieros	38.600,00
4	Transferencias corrientes	43.650,00
	TOTAL CORRIENTES	820.002,84
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Inversiones reales	107.935,71
7	Activos financieros	0,00
9	Pasivos financieros	24.000,00
	TOTAL CAPITAL	131.935,71

TOTAL ESTADO DE GASTOS: 951.938,55 euros

ESTADO DE INGRESOS

CAPITULO	DENOMINACION	IMPORTE
A) OPERACIONES CORRIENTES		
1	Impuestos directos	198.000,00
2	Impuestos indirectos	13.000,00
3	Tasas y otros ingresos	65.100,00
4	Transferencias corrientes	603.844,09
5	Ingresos patrimoniales	2.200,00
	TOTAL CORRIENTES	882.144,09
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Enajenación de inversiones reales	600,00
7	Transferencias de capital	69.194,46
8	Activos financieros	
9	Pasivos financieros	
	TOTAL CAPITAL	69.794,46

TOTAL ESTADO DE INGRESOS: 951.938,55 euros

En la referida sesión también se acordó aprobar el cuadro de personal y la relación de puestos de trabajo de esta Corporación, de acuerdo con lo que preceptúa el artículo 127 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproduciéndose a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA

Denominación	Nº de plazas	Grupo	Nivel C.D.	Situación
Secretario-Interventor	1	A ¹ A ²	29	Cubierta en propiedad
Auxiliar administrativo	2	C2	18	Cubierta en propiedad
Conserje	1	A.P.	12	Cubierta en propiedad

B) LABORAL FIJO

Denominación das plazas	Nº de plazas	Tipo de contrato
Oficial 1ª obras	1	Obra o servicio
Oficial 1ª servicios	1	Obra o servicio

B) LABORAL TEMPORAL

Denominación de las plazas	Nº de plazas
Agente de empleo y desarrollo local	1
Limpiadora edificios municipales	1
Auxiliares domésticas	5
Peón de obras	1
Animador sociocultural	1

El cuadro de personal laboral temporal podrá ampliarse con las subvenciones que esta Entidad Local pueda recibir a tal fin, procedentes de la Comunidad Autónoma u otros organismos públicos.

Contra la aprobación definitiva del presupuesto se podrá interponer directamente recurso contencioso-administrativo, en la forma y plazo que establecen las normas de dicha jurisdicción, de conformidad con lo dispuesto en el art. 171.1 del RD 2/2004. Lo que se hace público para general conocimiento y efectos.

O Páramo, a 9 de julio de 2009.- El Alcalde, Gumersindo A. Rodríguez Liz.

R. 03988

A PASTORIZA

Edicto

Gasóleos O Acebreiro, S.L., solicitou desta Alcaldía licenza municipal para instalación de lavado de vehículos anexo a estación de servicio, que se situará en Pastoriza. Cumprindo o disposto no parágrafo 3, do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante éste, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da última publicación do presente edicto no BOP e no Diario Oficial de Galicia, poidan examinar o expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Pastoriza, 06 de xullo de 2009.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 04026

—
POL

Edicto

Doña Elva Rivas Fernández, en representación de Ganadería Portela Rivas, S.C., solicitou desta Alcaldía autorización para "legalización de actividade de explotación de vacún de leite, e construción de establo, sala de espera, fosa de purín, e reforma de alpendre para sala de muxido" en Gomesende, San Andrés de Ferreiros, según proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos A. Pereira González.

Cumprindo o disposto no parágrafo 3, do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante éste, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da última publicación do presente edicto no BOP e no Diario Oficial de Galicia, poidan examinar o expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Pol, 6 de xullo de 2009.- O Alcalde, F. Lino Rodríguez Ónega.

R. 03872

RIOTORTO

Edicto

Non habéndose localizado no domicilio en que figuran empadronadas as persoas que ó final se relacionan, ao ser devoltas as notificacións polo servizo de Correos, iníciase contra os mesmos o correspondente expediente de baixas de oficio por inscrición indebida, ao amparo do disposto no artigo 72 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais e a fin de dar cumprimento ao apartado II.1.c.2) da Resolución de 9 de abril de 1997, pola que se publica a de 1 de abril, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e do Director Xeral de Cooperación Territorial, faise pública a relación de persoas, a efectos de notificación, contra os que se segue expediente de baixa padronal, a fin de que, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir da presente publicación

no B.O.P., poidan presentar ante este Concello as alegacións que estimen pertinentes.

RELACIÓN DE NOTIFICADOS:	N.I.E.
MANUEL ORLANDO PEREIRA DE CARVALHO	X02101344H
MANUEL ORLANDO SILVA CUSTODIA	X07714181G
FERNANDO MONTEIRO MARINHO	X07648023V

ÚLTIMO DOMICILIO COÑECIDO:

Praza das Rodrigas, nº 34-2º.

Riotorto (Lugo).

Riotorto, 3 de xullo de 2009.- O Alcalde, Federico X. Gutiérrez Estoa.

R. 03871

Edicto

Polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Riotorto, con data 08 de xullo do ano en curso ditouse o Decreto do seguinte tenor:

"Ausentándome deste termo municipal por motivos persoais dende o 18 ao 26 de xullo de 2009, é polo que, de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, artigo 63 da Lei de Administración Local de Galicia e 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2.568/86, do 28 de novembro, veño en acordar:

1º. - Delegar na primeira tenente de Alcalde Dª María Bonia Martínez Irimia a totalidade das funcións que corresponden a esta Alcaldía durante as datas citadas.

2º. - Dar conta desta resolución a primeira tenente de Alcalde e publicala no B.O.P.

Decrétao, manda e asina D. Federico José Gutiérrez Estoa, Alcalde-Presidente deste Concello en Riotorto, a oito de xullo de dous mil nove, de todo o cal, eu, Secretario, certifico".

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Riotorto, 08 de xullo de 2009.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.

R. 04006

TRABADA

ANUNCIO SUSTITUCIÓN ALCALDÍA

Con data 9 de xullo de 2009 dictouse Resolución da Alcaldía nº 55/09 na que se dispón que por ausencia do Alcalde do termo municipal entre os días 13 e 19 de xullo, ámbolos dous inclusive, sexa substituído nas funcións propias do seu cargo polo primeiro tenente de Alcalde D. Gregorio Rodríguez Gasalla, ordeando a publicación deste acordo no BOP.

Trabada, 9 de xullo de 2009.- O Alcalde, José Manuel Yanes Ginzo.

R. 03979

GERMAN AGUILERA CRISTOBAL

Edicto

YO, GERMAN AGUILERA CRISTOBAL, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA, CON RESIDENCIA EN LUGO, CON DESPACHO EN LA CALLE DE LA REINA, NÚMERO 21, 2º-C.

HAGO CONSTAR:

Que en esta Notaría se tramita acta de presencia y notoriedad, instada por don Lusi Francisco y doña María Francisca Lage de la Fuente, titulares de los Documentos Nacionales de Identidad y N.I.F., números 33.809.290-A y 33.817.298-F, respectivamente, para la inscripción de exceso de cabida de la siguiente finca:

Sita en el Carril dos Fornos, de esta ciudad de Lugo:

La cortiña llamada Monra o Gueimarás, existente en el callejón llamado de las Estantiguas que ocupa la superficie de tres mil quinientos cincuenta y un metros cuadrados, aunque reciente medición mide cuatro mil cuatrocientos dieciseis metros y dieciocho decímetros cuadrados, en la cual existen dos casetas y limita por Norte, con tierra de la excelentísima señora Condesa de Santiago, hoy edificio número 4 de la calle Ramón y Cajal, edificio número 29 de la rúa Montevideo de don Julio Jato Pérez, edificio número 27 de la misma calle de Banco de Sabadell, S.A., edificio número 3 de la rúa Vía Romana y rúa Vía Romana; Sur, otra de don Joaquín Pardo, hoy Instituto Gallego de Vivienda y Suelo; al Oeste, con la muralla que rodea esta población y al Este, con el callejón citado, hoy rúa Vía Romana.

INSCRIPCIÓN: Registro de la Propiedad número uno de Lugo, al tomo 220, folio 49, finca número 14.601, inscripción 1ª.

REFERENCIA CATASTRAL: 7333003 PH1673C0001IU.

Durante el plazo de veinte días a contar desde el siguiente al de la publicación del presente edicto, podrán comparecer ante mí, en el domicilio de mí despacho citado anteriormente, los interesados para exponer y justificar sus derechos.

En Lugo, a 13 de julio de 2009.

R. 03990

Administración de Justicia

TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DE GALICIA

A CORUÑA

Secretaría de Gobierno

Edicto

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 3 de xullo de 2009, acordou nomear, por u periodo de catro anos, o Xuíz de Paz titular e/ou substituto dos Concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os par-

ticipantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

POBRA DO BROLLÓN: Substituto: DON EDUARDO PAEZ FIGUEIRAS. DNI nº 34.271.273P.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Concello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no Xulgado de Paz para o que se nomean e ante a persoa que estivera exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o Xuíz de Primeira Instancia e Instrucción respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles Xuíces de Paz nomeados que estean incurso nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, seis de xullo de dous mil nove.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Agustín Ignacio Pena López.

R. 03890

—
Edicto

Dado que o Concello de As Nogais (Lugo) non elixiu Xuíz de Paz substituto para a dita localidade, realizase unha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos estean interesados en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña que fagan constar o seguinte:

1ª) Nome, apelidos, DNI, idade, profesión e domicilio.

2ª) Se desempeñaron o cargo de Xuíz de Paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.

3ª) Méritos que estimen oportunos.

Todo isto faise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a dita praza.

A Coruña, seis de xullo de dous mil nove.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Agustín Ignacio Pena López.

R. 03891

—
Edicto

Dado que o Concello de Cospeito (Lugo) non elixiu Xuíz de Paz titular para a dita localidade, realizase unha

convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos estean interesados en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á Presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña que fagan constar o seguinte:

1ª) Nome, apelidos, DNI, idade, profesión e domicilio.

2ª) Se desempeñaron o cargo de Xuíz de Paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.

3ª) Méritos que estimen oportunos.

